

«Breviario», en Biblos. Clube de Lectores. Revista Galega de Información Literaria, nº 66 (xaneiro-febreiro 2014)

Publicado o 24 Xaneiro 2014 por Ramón Nicolás

Chega estes días unha nova entrega da revista [Biblos. Clube de Lectores](#) cunha abundosa oferta galega de libros e música para este bimestre. Deixo aquí, coma sempre, a miña colaboración nesta publicación que, nesta ocasión, articulo como un **Top 10** particular do que nos deixou este pasado 2013.

“Vén sendo para min case unha tradición botar a vista atrás e revisar o que un leu ao longo dun ano e valoralo globalmente. Ofrezco nesta ocasión un **Top 10**, de carácter moi persoal e enteiramente subxectivo, sen orde de preferencia ningunha e na que non inclúo libros que [presentei](#) ou [copresentei](#) este pasado ano en actos públicos pois, loxicamente, tamén [eses](#) foron da miña preferencia. Nesta ocasión abro a nómina a outros xéneros alén da narrativa. Hai máis libros destes dez que de certo ben merecían estar nesta listaxe mais, con todo, velaquí as miñas escollas deste 2013.



1. [Costa do Solpor](#), de **Xosé María Lema**. Un autor que se incorpora serodiamante ao campo da narrativa galega e que o fai con extraordinaria competencia e, manexando unha oceánica documentación, devolve o gusto pola narrativa de aventuras.
2. [A memoria da choiva](#), de **Pedro Feijoo**. Pola aposta chea de convicción, afouta e oportuna, que persegue ampliar a base de persoas que se achegan á novela en lingua galega.
3. [Carne de Leviatán](#), de **Chus Pato**. A autora lalinense tripa camiños, en todos os seus libros e tamén neste, fascinantes e reveladores que cómpre saber percorrer.
4. [Un rato díxolle á lúa](#), de **Antonio G. Teijeiro**. Apaixonante escolma do traballo poético de toda unha vida: poesía sen fronteiras, da man do bo criterio e Fran Alonso e da música de Paco Ibáñez.
5. [Ulises](#), de **James Joyce** porque era preciso xa para Nós e agora éo para nós. Beizón polo esforzo a Galaxia e ao equipo que o traduciu: **Eva Almazán, M^a Alonso Seisdedos, Xavier Queipo e Antón Vialle**.
6. [A illa de todas as illas](#), de **Xabier P. Docampo** porque, no ronsel dos grandes clásicos das novelas de aventuras, incorpora unha inesquecible homenaxe á propia literatura.
7. [Tastarabás](#), de **Antón Cortizas** porque talvez sexa o libro máis completo, documentado e fermoso arredor dos brinquedos tradicionais e o seu uso lúdico.
8. [Feminismos](#), de **Olga Castro e María Reimóndez**. Foi unha fortuna ler un ensaio clarividente e luminoso cunha concepción globalizadora e, sospeito, adiantada ao noso tempo.
9. [Obras completas](#), de **Roberto Vidal Bolaño**. Entre outras razóns porque foi e é un proxecto preciso para actualizar e dispoñer por xunto a obra dun dos nosos maiores dramaturgos contemporáneo.

10. [*CoraSons*](#), porque supón unha amálgama musical, visual e poética de escaso parangón entre nós e porque activa moitos sentimentos, ben necesarios para vivir.”

Esta entrada foi publicada en [Divulgación](#), [Literatura galega](#) e etiquetada [Biblos Clube de Lectores](#), [Top 10 literatura galega 2013](#). Garda a [ligazón permanente](#)